**CUARTO.-** Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(875).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE TURISMO. EXPTE. 44256/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Turismo, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente (trámite 85) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. González Ucha, con DNI \*\*\*4638\*\*

2.- F. Dueñas Corchero, con DNI \*\*\*8505\*\*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, constando incorporado ao expediente certificado no cal consta a exposición pública no taboleiro de edictos do 09/09/2024 ao 30/09/2024.

Solicitado informe ao rexistro xeral respecto das posibles subsanacións presentadas durante o período de exposición pública, indícase en documento nº 240313621 que as subsanacións dos interesados conforman actuacións administrativas automatizadas e que por tanto deben obrar no expediente.

Pola instructora asinante verifícase, a salvo de erro ou omisión, que consta incorporada ao expediente a aportación polos aspirantes excluídos dos documentos seguintes:

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION	DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA
J.M. González Ucha	***4638**	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non cumpre o requisito de pertenza ao subgrupo de titulación, escala, subescala e clase requiridos nas bases</li> </ul>	Non consta

En consencuencia, e tralas actuacións efectuadas e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva do posto de Xefe/a de Turismo, que seguidamente se recolle:

#### ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
F. Dueñas Corchero	DNI ***8505**

#### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION
J.M. González Ucha	***4638**	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non cumpre o requisito de pertenza ao subgrupo de titulación, escala, subescala e clase requiridos nas bases</li> <li>Non aporta subsanación en prazo</li> </ul>



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral Municipal do Concello de Vigo.  
Suplente: D<sup>a</sup> Susana García Álvarez, Letrada-Xefa de Asesoramento.

Vogais

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.

Suplente: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Municipal

Titular: Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Suplente: D<sup>a</sup> Maria de Mar Suárez del Campo, Viceinterventora xeral adxunta.

Titular: D<sup>a</sup> María de Carmen Pazos Area, Directora de ingresos.

Suplente: D<sup>a</sup> Luz María González Domínguez, Xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía.

Secretario/a:

Titular: D. José Villán Fuertes, Secretario Xeral do Pleno.

Suplente: D<sup>a</sup> Maria Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 3 de decembro de 2024 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(876).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE ELECTROMECÁNICOS. EXPTE. 44254/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente (trámite 85) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- A. Crespo Casal, con DNI \*\*\*1797\*\*

2.- B. Arranz González, con DNI \*\*\*7035\*\*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, constando incorporado ao expediente certificado no cal consta a exposición pública no taboleiro de edictos do 09/09/2024 ao 30/09/2024.

Solicitado informe ao rexistro xeral respecto das posibles subsanacións presentadas durante o período de exposición pública, indícase en documento nº 240313619 que as subsanacións dos interesados conforman actuacións administrativas automatizadas e que por tanto deben obrar no expediente.

Pola instructora asinante verifícase, a salvo de erro ou omisión, que consta incorporada ao expediente a aportación polos aspirantes excluídos dos documentos seguintes:

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION	DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA
A. Crespo Casal	***1797**	<ul style="list-style-type: none"><li>Falta de sinatura da memoria requirida no apartado cuarto (fase segunda)</li></ul>	Consta a presentación de documento nº 240280285 en data 18/09/2024, incorporado como trámite 108 do expediente

Paralelamente ao exposto, indícase que o aspirante A. Crespo Casal finalizou a relación de servizo que lle vinculaba co Concello de Vigo como funcionario de carreira en data 18/09/2024, tal e como consta documentado na resolución administrativa de denegación da prórroga voluntaria do servizo activo dictada en data 30/09/2024 (expediente nº 44.873-220) e na resolución administrativa confirmatoria da anterior e resolutoria do recurso potestativo de reposición e solicitude de suspensión do acto impugnado dictada en data 18/10/2024 (expediente nº 45.465-220); constando notificada ao interesado a desestimación do recurso citada en data 19/10/2024. Por tanto, e dada a ausencia de condición de funcionario de carreira establecida na Base Segunda das bases reguladoras aprobadas como requisito de participación no proceso de provisión definitiva do posto de traballo convocado, procede propoñer a exclusión do aspirante sinalado na lista definitiva a aprobar.

En consecuencia, e tralas actuacións efectuadas e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva do posto de Xefe/a de Electromecánicos, que seguidamente se recolle:

**ADMITIDOS**

<b>ASPIRANTE</b>	<b>DNI</b>
B. Arranz González	DNI ***7035**

**EXCLUÍDOS**

<b>ASPIRANTE</b>	<b>DNI</b>	<b>MOTIVOS EXCLUSION</b>
A. Crespo Casal	***1797**	<ul style="list-style-type: none"><li>· Falta de sinatura da memoria requirida no apartado cuarto (fase segunda) constando a presentación de documento nº 240280285 en data 18/09/2024, incorporado como trámite 108 do expediente</li><li>· Consta a perda da condición de funcionario de carreira por xubilación en data 18/10/2024 (resolución de data 30/09/2024, con desestimación de recurso de reposición fronte á anterior acordada en resolución de data 18/10/2024)</li></ul>

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral Municipal do Concello de Vigo.  
Suplente: D<sup>a</sup> Susana Garcia Álvarez, Letrada-Xefa de Asesoramento.

Vogais

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.

Suplente: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Municipal

Titular: Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Suplente: D<sup>a</sup> Maria de Mar Suárez del Campo, Viceinterventora xeral adxunta.

Titular: D<sup>a</sup> María de Carmen Pazos Area, Directora de ingresos.

Suplente: D<sup>a</sup> Luz María González Domínguez, Xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía.

Secretario/a:

Titular: D. José Villán Fuertes, Secretario Xeral do Pleno.

Suplente: D<sup>a</sup> Maria Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 26 de novembro de 2024 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(877).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN DO ALLEO PARA A ACTUALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 2003/2202.**

Visto o informe xurídico do 23/10/24 e o informe de fiscalización do 25/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/10/2024, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, con data 24/07/2024 a técnica de prevención de riscos emite informe, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira delegada de Educación e Recursos Humanos e a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo de actualización de de riscos laborais do Servizo de Extinción de Incendios por parte dun Servizo de Prevención Alleo, en cumprimento da obriga de dar cumprimento aos artigos 16 e 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

2.- Con data 24/07/2024 a Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal resolve que se inicie o expediente necesario en conformidade coa proposta realizada.

2.- Con data 30/09/2024, redáctase a Memoria Económica pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

3.- Con data 27/09/2024 emítase certificado de retención de crédito por parte da Intervención Xeral (operación nº 12024000158692).

4.- Con data 30/09/2024, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación.

5.- Con data de 27/09/2024 a técnica de prevención de riscos laborais asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, e que é conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación.

6.- Con data 2/10/2024 o Servizo de Contratación emite informe indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

5.- Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación con data 21/10/2024.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 13.779,20 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación orzamentaria 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais".

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

(acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2019 e de 20/06/2019 ) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

**Segundo.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa dos termos do contrato que recolle: a xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP); xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP); xustificación do procedemento elixido ao ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros (artigo 116.4 e 159.6 LCSP); xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP); ao tramitarse por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, exímese aos licitadores de acreditar a súa solvencia (artigo 159.6 LCSP); xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP); xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP); lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).; xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

**Terceiro.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

**Cuarto.-** Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de actualización de avaliacións de riscos laborais do servizo de Extinción de Incendios por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 2003/2202).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 21/10/2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais – Área de RRHH e Formación, con data de sinatura electrónica de 30/09/2024 e 1/10/2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por un importe de 13.779,20 € (IVE incluído) de acordo ás seguintes anualidades:

Ano 2025: 13.779,20 € (IVE incluído)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(878).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O FINANCIAMENTO DO XII FESTIVAL VÉRTIXE SONORA 2024. EXPTE. 5721/330.**

Visto o informe xurídico do 10/10/2024 e o informe de fiscalización do 28/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/10/2024, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 30 de setembro do 2024, a "Asociación Cultural Vértixe" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "XII Festival Vértixe Sonora 2024"; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención correspondente polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

**A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e despexuizada da creación sonora internacional.

### **PROGRAMA E ORZAMENTO:**

#### **Programa de concertos:**

- Domingo 6 de outubro do 2024 ás 18h | Auditorio Martín Códax, Vigo  
A NOITE



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- Domingo 13 de outubro do 2024 ás 18h | Auditorio Martín Codax, Vigo  
FOGAR
- Domingo 27 de outubro do 2024 ás 18h | Auditorio Martín Codax, Vigo  
DESPRAZAMENTOS DA CODIA
- Xoves 31 de outubro do 2024 ás 20h | MARCO, Vigo  
PARALELO 9
- Venres 1 de novembro do 2024 ás 20h | MARCO, Vigo  
UN SOÑO

### Residencias artísticas:

Varias datas | varios espazos

### Encontros, charlas, conferencias e masterclass

Colabora: Conservatorio Superior de Música de Vigo

### Mostraxe:

Venres 25 Outubro do 2024 a venres 17 de xaneiro do 2025, 20h | Fundación Laxeiro  
OLLO Á ORELLA

### Concertos de novos talentos

Xoves 17 de outubro do 2024 ás 20h Auditorio Martín Códax, Vigo  
ECOS DO POSMODERNISMO

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 19.954,59 ( dezanove mil novecentos cincuenta e catro con cincuenta e nove euros) coas seguintes achegas:

Concello de Vigo: 7.000 euros  
Deputación de Pontevedra: 6.000 euros  
INAEM: 6.954,59 euros

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Vértixe, para a organización do “XII Festival Vértixe Sonora 2024”, obxecto deste expediente, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade " Asociación Cultural Vértixe Sonora" , para o desenvolvemento do "XII Festival Vértixe Sonora 2024", axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Vértixe deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” ten como obxecto financiar a organización do "XII Festival Vértixe Sonora 2024", figurando na aplicación **3340.480.00.00** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á “Asociación Cultural Vértixe”, CIF. G-27751296, para o financiamento do “ XII Festival Vértixe Sonora 2024”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 “Festival Vértixe Sonora ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. E de responsabilidade da Entidade :
  1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
  
2. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride , presidente da entidade

3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Gastos subvencionables:

Aos efectos previstos no artigo 29 da LXS, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e teñan relación directa coa súa execución, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

**A facturación xustificativa correspondente deberá ter como máximo data dos dous meses posteriores a última das actividades financiadas,**

**De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade

subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(879).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á SOCIEDADE “CULTURE LOVERS SC” PARA O FINANCIAMENTO DA 14ª EDICIÓN EN VIGO DO FESTIVAL KEROUAC DE POESÍA, MÚSICA E PERFORMANCE”. EXPTE. 5722/330.**

Visto o informe xurídico do 11/10/2024 e o informe de fiscalización do 28/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2024, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Consulado Xeral de España en Nueva York o 27 de setembro do 2024 a sociedade "Culture Lovers S.C." presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da 14ª Edición en Vigo do Festival Kerouac de poesía, música e performance; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.05 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A entidade "Culture Lovers SC" ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da poesía, e o que comezou como un pequeno festival dun día é



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

agora unha empresa de inxenería poética en tres cidades e dous continentes que leva artistas e poetas dunha beira a outra do Océano Atlántico, con Vigo como eixo dun sono: baixar a poesía dos pedestais e levala as rúas, achegala a tódalas persoas para que poidan usala e disfrutala.

Neste sentido ten lugar en Vigo o Festival Kerouac de poesía, música e performance, que este ano 2024 acada a súa 14ª Edición.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O evento desenvólvese os días 24, 25 e 26 de outubro do 2024 en diferentes espazos da cidade

#### Programación:

**Xoves 24 de outubro do 2024 , Recital poesía con música ás 19:00h na Escola Oficial de Idiomas**

Poetry in translation : Jazzpoetry

Sunil López e Marcos de la Fuente co alumnado da Escola Oficial de Idiomas presentan “Águilas en las manos”

**Venres 25 de outubro do 2024 ás 19:00 no Restaurante do Corte Inglés  
Recital e micro aberto de poesía**

Elisa Scarpa,Alicia Louzao, Dula Piñeiro,Xan Martínez, Ana Corzo,Queco Fresco,Miguel Cuña,Inma Doval, Benito Piñeiro, Aarón Franco, Elena Lameiro, Xoán Pedreira e Nila A. Pousa

**Sábado 26 de outubro do 2024 ás 19:00 horas no Museo Marco  
Recital de poesía con música, performance e audiovisuais**

María Xosé Queizán

Ana María Caballero

José Lameiras

Clo Plas: Xiana Árias e Berio Molina

Desatado

A memoria económica que se achega, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.292 € (once mil douscentos noventa e dous euros) , financiándose coas seguintes achegas:

Xunta de Galicia: 5445€

El Corte Inglés: 847€

Concello de Vigo: 5000€

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “Culture Lovers SC” para o desenvolvemento da 14ª Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á sociedade “Culture Lovers SC” para o desenvolvemento da 14ª Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade “Culture Lovers S.C” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á sociedade "Culture Lovers S.C" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da 14ª Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance figurando na aplicación **3340.470.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa "Culture Lovers SC" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á entidade "Culture Lovers S.C.", CIF. J27830041, para o desenvolvemento da 14ª Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.05 " Festival Kerouac, Culture Lovers SC" , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- As condicións que rexen a subvención serán as seguintes:

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. E de responsabilidade da Entidade :
  1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Dona Vanesa Alvarez Díaz , administradora solidaria da sociedade civil

3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

## **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024.

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).**

Gastos subvencionables:

**Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2024 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

### **13(880).- APROBAR O PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 6338/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/10/2024, asinado polo técnico de administración xeral- o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes con data 17.02.2023 resolveu adjudicar á entidade Arenas & Asociados, Ingeniería de Diseño SLP, e autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”

II.- Por parte da mercantil Arenas & Asociados, Ingeniería de Diseño SLP presentouse borrador do proxecto para a “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO” , redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SETECENTOS SESENTA E CINCO MIL TRINTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (1.765.032,53€)

III.- En data 15.01.2024 polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas informase que o borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 17.01.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Serafín Avendaño, entre as rúas García Barbón e a Rúa Callao. Na contorna encóntrase o CEIP García Barbón e o acceso ao elevador HALO. Dada a localización do centro escolar, é necesario implantar medidas de calmado de tráfico, así como mellorar a accesibilidade e conexión peonil debido ao aumento de fluxo de persoas que circulan cara o ascensor nun viario con unha forte pendente. As obras a executar son as seguintes:

- Distribución da sección transversal da rúa en plataforma única de uso compartido con prioridade peonil, incrementando o espazo destinado aos peóns nas beirarrúas.
- Pavimentación continua en formigón en lousas de 25 cm de espesor pulido e diamantado. Encintados de granito negro angola para segregación de carrís e indicación de entrada de carruaxes. Complementariamente á pavimentación, farase unha rede de recollida de augas pluviais superficiais mediante caces de formigón prefabricado localizados lonxitudinalmente no centro da calzada.
- Disposición dunha unha rampla mecánica de 30 metros de lonxitude sobre a actual zona de estacionamento de vehículos, para salvar o tramo con pendente máis acusada. Inclúe sistema de videovixilancia específico.
- Implantación de unha nova iluminación tipo Led unilateral para aumentar a seguridade da zona, pivotando en criterios de eficiencia enerxética e homoxeneidade no ámbito.
- Renovación de semáforos e instalación de balizas luminosas lineais no pavimento.
- Renovación das redes de servizos:

- Renovación da rede de abastecemento mediante tubaxes de fundición dúctil de 100 mm de diámetro.
- Renovación da rede de saneamento en tubaxes de PVC de diámetro 315 mm, e substitución da rede de pluviais por un colector de formigón armado de 1500mm de diámetro.
- Disposición de elementos de segregación do tráfico rodado do peonil mediante bolardos de 1 m de altura, e instalación dun perfil tubular paralelo ás ramplas mecánicas como elemento de protección fronte os impactos de vehículos.
- Dotación de novo mobiliario urbano, coa inclusión de bancos de granito, xardineiras, papeleiras e aparcabicicletas, e reorganización das dársenas de contedores. Inclusión dunha rede de rego para as zonas axardinadas.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade e accesibilidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

**V.-** Pola Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, a Enxeñeira pública de Obras Públicas da mesma emite en data 24.10.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“ O solo onde execútanse as actuacións emprázanse no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG no 106, do 03.06.2008; BOP no 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG no 144, do 24.07.2009; BOP no 175, do 10.09.2009). O planeamento actual clasifica a rúa Serafín Avendaño como solo urbano, e as actuacións axústanse en xeral ao viario existente na actualidade tal como indica o informe de data 31/01/2024 da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Conforme o informe do servizo de patrimonio histórico do Concello de Vigo de data 31/01/2024, as obras atópanse en parte dentro do ámbito de protección do xacemento arqueolóxico do Pontevedra Areal, catalogado co código GA36057083, polo que cómpre realizar unhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas valorativas. O proxecto construtivo consta de autorización de data 09/04/2024 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, así como a correspondente autorización do proxecto de sondaxes e control arqueolóxico dos movementos de terra asociado ás obras de data 05/08/2024.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo), as devanditas obras en ningún momento presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona. En consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Tal como indica o Anexo nº4 Cumprimento da normativa ambiental, patrimonial e de accesibilidade, as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indícase que "non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adjudicación (artigos 116 da LCSP)"

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SETECENTOS SESENTA E CINCO MIL TRINTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (1.765.032,53€), e con sinatura dixital de data 21 de outubro de 2024.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(881).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL”. EXPTE. 2082/441.**

Visto o informe xurídico do 22/10/2024 e o informe de fiscalización do 24/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/10/2024, asinado pola técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 27.05.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción da adecuación do proxecto de referencia a favor da mercantil GOC S.A..

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19.07.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 24.07.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.08.2024 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (73.779,25 €), asinado dixitalmente en data 19 de xullo de 2024. (Expte 6442-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24.07.2024 que se corresponde co expediente administrativo 6442-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, asinado en data 19.07.2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais de datas 03 e 04.09.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 04.09.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20.09.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 23.09.2024.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25.09.2024.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 30.09.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30.09.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 01.10.2024.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.07.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 01.10.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (73.779,25 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 12.804,66 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), proxecto de gasto 24153205, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	73.779,25 €
------	-------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(882).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16421/445.**

Visto o informe xurídico do 15/10/2024 e posterior do 28/10/2024 e o informe de fiscalización do 29/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2024, asinado pola técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A función principal do Parque Móbil Municipal, adscrito a Concellería de Fomento está no desenvolvemento da prestación de diferentes servizos para as distintas áreas municipais do Concello

Os servizos que presta consisten no mantemento de vehículos adscritos as diferentes concellerías e o uso de vehículos do parque móbil municipal con condutor para cubrir as necesidades de traballos dos servizos da Concellería de Fomento e solicitudes realizadas ó mesmo de outras áreas do Concello de Vigo.

As áreas municipais que utilizan os servizos principalmente, son Vías e Obras, Limpeza, Xardíns, Medio Ambiente ou programa "Vigo Emprega" e precisan vehículos especializados e adaptados, para o desenvolvemento no desempeño das súas funcións.

Hoxe e día a maioría destes vehículos son moi antigos polo que precisa unha renovación gradual e axustada os servizos que actualmente prestan en condicións adecuadas de sustentabilidade económica e ambiental, asemade de vehículos dotados coa actualización en medidas de seguridade, tanto activas como pasivas adecuadas á normativa vixente.

Polo exposto, é necesario a contratación do subministro de vehículos novos de menos de 3.500 kg, de diferentes características, co obxectivo da renovación do propio parque de vehículos, debido a imposibilidade de seguir mantendo os mesmos, por falta de pezas, por superar amplamente os custes de mantemento en relación ao valor venal dos mesmos e non cumprir as especificacións en materia de seguridade e saúde e ambiental en vixencia na actualidade.

Estas necesidades de contratación son en función dos distintos servizos que desempeñan e que por tanto determinan o tipo de vehículo a substituír.

II.- Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a subministración de 4 vehículos novos de menos de 3.500 kg para o parque móbil, mediante a modalidade de adquisición, de modo que permita desenvolver os diferentes servizos que se prestan no exercicio das súas competencias.

III.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 04.06.2024.

IV.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 04.06.2024 pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da área de Servizos Xerais.
- b) Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, data 04.06.2024 acordando o inicio do expediente de contratación.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe da área de Servizos Xerais en data 08.07.2024.

d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09.07.2024.

e) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 11.06.2024.

f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 18.10.2024.

g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 16.09.2024.

h).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23.10.2024.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 LCSP); o seu carácter de contrato de non suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP, a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos e conformado polo Xefe da área de Servizos Xerais en data 08.07.2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23.10.2024.

**Cuarto-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO VINTE E CINCO MIL TRINTA EUROS con TRECE CÉNTIMOS (125.030,13 €)**, IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 21.699,44 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9202 6240000.- Adquisición de vehículos-, segundo a seguinte distribución de anualidades.

2024	125.030,13 €
------	--------------

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(883).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO, NO ANO 2024. EXPTE. 8625/104.**

Visto o informe xurídico do 30/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/10/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 05/03/2024 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de "BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024"

Os obxectivos xerais destas subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuir á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos deportivos con especial interés turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 19 de abril de 2024, as “ BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024”. EXPTE. 8625/104” que con posterioridade, o 14 de abril, foron publicadas no BOPPO (núm. 80).

## **II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

*2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>*

*Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.  
(..)>>*

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que "as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

*E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2024 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.*

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(884).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICO, NO ANO 2024. EXPTE. 8688/104.**

Visto o informe xurídico do 30/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/10/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

Con data 19/07/2024 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de "BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024"

Os obxectivos xerais destas subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuir á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.

- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos deportivos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 23 de agosto de 2024, as “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024”. EXPTE. 8688/104” que con posterioridade, o 03 de setembro, foron publicadas no BOPPO (núm. 171).

## **II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. *El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.*

2. *Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>*

*Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

ello no se perjudican derechos de terceiro. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.

(..)>>

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que "as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

*E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2024 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.*

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025. Expte. 10306/335.
- .- Expediente de contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas. Expte. 10307/335.
- .- Bases de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego Vigo Capacita X. Expte. 21088/77.
- .- Bases de selección do persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego Vigo Capacita X. Expte. 21087/77.

- Expediente de contratación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a campaña do Nadal 2024–2025 e 2025-2026. Expte. 10152/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **18(885).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2025. Expte. 10306/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 30/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 21 de outubro de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 21 de outubro de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 24 de outubro de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 24 de outubro de 2024.
- Memoria económica, de data 22 de outubro de 2024, conformada polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito de data 24 de outubro de 2024 (operacións nº 12024000178027 e 12024000178029).
- Memoria xustificativa de data 28 de outubro de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de data 29 de outubro de 2024.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

## **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2025 (10.306-335).*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 24 de outubro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29 de outubro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 109.045,37 euros, sendo o valor estimado do contrato de 90.120,14 euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:*

- *3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 76.331,76 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación*
- *3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 32.713,61 € (30% do importe do prezo de contrato)*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

## **19(886).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10307/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Visto o informe xurídico do 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 31/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/10/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 30 de setembro de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de setembro de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 11 de outubro de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 11 de outubro de 2024.
- Memoria económica, de data 23 de outubro de 2024.

- Certificados de retención de crédito de data 24 de outubro de 2024.
- Memoria xustificativa, de data 30 de outubro de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 30 de outubro de 2024.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrencia.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

## PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, de 11 de outubro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 30 de outubro de 2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 53.007,14 €, sendo o valor estimado do contrato de 87.834,14 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” e as seguintes anualidades:*

- ano 2024: 4.819,76 €
- ano 2025: 48.187,38 €

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(887).- BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUALDE EMPREGO VIGO CAPACITA X. EXPTE. 21088/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 38, do xoves 22 de febreiro de 2024, consta publicada a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024-2025.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual “VIGO CAPACITA X”, elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20746-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 20/03/2024. E con data 24 de maio de 2024, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar modificacións do proxecto a requirimento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

III. Con data 20/08/2024, recíbese resolución de concesión de subvención da dirección territorial de Vigo da consellería da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “VIGO CAPACITA X” (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ámbolas dúas de nivel 2). Ademais, concédese unha subvención de 28.500,00€ para incentivos á contratación temporal.

IV. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO remitiu, por correo electrónico, Instrucións de data 15/07/2024 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2024-25), para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego. No caso do persoal formador, non se poderá formalizar a súa contratación con anterioridade a que as persoas seleccionadas sexan validadas polo persoal técnico da Xefatura Territorial.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

## **II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de persoas beneficiarias de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. Ademais de como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

### III. BASES REGULADORAS

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11º da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

### IV. CUSTES SALARIAIS DO ALUMNADO-TRABALLADOR

#### B) Contratación alumnos/as-traballadores/as:

Soldos e salarios	238.140,00 €
Cota patronal Seguridade social (para 10 meses)	29.500,00 €
<b>TOTAL B)</b>	<b>267.640,00 €</b>

As retribucións salariais nos contratos formativos subscritos co alumnado-traballador participante no obradoiro serán o Salario Mínimo Interprofesional anualmente establecido tal e como establece o art. 33 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria.

### V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408\_2)” e os outros 10 na especialidade de “Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ENAE0108\_2)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo, que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizos á comunidade, cociñando para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.
6. Promover accións de concienciación entre os escolares da importancia das enerxías renovables, facendo fincapé na enerxía fotovoltaica.
7. Elaboración de documentos mediante aplicacións ofimáticas por parte dos alumnos-traballadores do Obradoiro para a divulgación de enerxías renovables.
8. Promover entre o alumnado a protección e seguridade no manexo da enerxía fotovoltaica.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares e aulas do centro VIGONATURE (Antigo Vigozoo), que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

## **VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABAJO**

Os postos de alumnado-traballador que se convocan son:

- 10 postos na especialidade HOTR0408 de Cociña Nivel 2.
- 10 postos na especialidade ENAE0108 de Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos Nivel 2.

O Artigo 13.1 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, adicado á *Contratación*, establece que o alumnado seleccionado será contratado, pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade do contrato de traballo de formación en alternancia. De acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (en diante, ET), a estes contratos non será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do dito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo,



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato

De acordo co anterior, a base 3ª dispón que o alumnado traballador seleccionado pola Comisión de selección será contratado polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación en alternancia e os contratos de traballo serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

Xa que logo, para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de acordo coas modificacións introducidas polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a formación para impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, polo que será necesario que o perfil do alumnado se adecúe aos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os devanditos certificados respectivamente:

- (HOTR0408\_2) COCIÑA: RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 619/2013, de 2 de agosto.
- (ENAE0108\_2) MONTAXE E MANTEMENTO DE PANEIS SOLARES FOTOVOLTAICOS: (RD 1114/2007, de 24 de agosto de 2007.

### VII. SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR

O artigo 10 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, adicado ás *Normas xerais de selección* dispón que a selección do alumnado-traballador participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento, será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

De acordo co anterior, as bases reguladoras da convocatoria reflicten o seguinte:

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO: O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG o alumnado-traballador que corresponda, de

acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia aos requisitos que deben reunir o alumnado-traballador para participar no presente procedemento.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.

No caso de que, as persoas candidatas remitidas non sexan suficientes, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número suficiente de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito. Neses casos e, pese a que as ofertas de emprego do alumnado-traballador (tipo T) non serán obxecto de difusión no Portal de Emprego de Galicia, solicitarase excepcionalmente a súa publicación ca autorización da respectiva dirección territorial, cando se considere imprescindible para poder cubrir as prazas ofertadas.

3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese das persoas candidatas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de **20** puntos. (50% da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego.

4. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo de acordo cos criterios reflectidos no **ANEXO I**. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de **20** puntos (50% da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final das persoas candidatas (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

6. A listaxe do alumnado-traballador proposto pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se alguén do alumnado proposto non cumprise ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación das persoas admitidas e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 día naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, as persoas candidatas deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia ao posto **telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)** ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial. Se transcorrido o devandito prazo non se confirma o posto, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia o dito posto. Achégase anexo ás Bases.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposta pola Comisión de selección. En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Estímase necesaria a constitución das dúas comisións de selección seguintes:

- Comisión de selección de 20 alumnos-traballadores.
- Comisión de selección de equipo directivo do obradoiro composto por: 2 expertos docentes nas especialidades a impartir no obradoiro, 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a a xornada completa.

Xa que logo, resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, a proposta da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todas elas a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

As Comisións de selección dos devanditos procesos estarán compostas por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dúas persoas como persoal de apoio) e percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de 4 sesións para o proceso de selección do equipo directivo e 4 sesións para o o proceso de selección do Equipo Directivo, cun gasto total estimado de 746,64 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2302000 "DIETAS PERSOAL".

<b>Comisión selección Alumnado-traballador</b>	<b>categoría 3ª</b>
Presidente/a	159,12
Secretario/a	146,88
Vogal (1) e persoal de apoio (2)	440,64
<b>TOTAL</b>	<b>746,64</b>

Artigo 14 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, establece que as incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade promotora. Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

#### **VIII. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO:**

Con data 20/08/2024, recíbese resolución de concesión de subvención da dirección territorial de Vigo da consellería da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas ("Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ENAE0108" e "Cociña (HOTR0408)"), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composto de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Da cantidade global de concesión da subvención (**411.928,00€**), 144.288,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 267.640€ para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida figura no expediente incoado a tal efecto pola quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (expdte. 21089/77).

### IX. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira da Área de Goberno de Emprego.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda na Quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA X.

### X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28

de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, *dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas*, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 28 de xuño de 2024 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA X** (cofinanciado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, conforme á resolución da dirección territorial de Vigo da consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde ~~de Orde~~ do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), polo importe total de **411.928,00€**, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ámbolas dúas de nivel 2). Ademais, concédese unha subvención de 28.500,00€ para incentivos á contratación temporal.
2. **Encomendar á Quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas**, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA IX.

3. **Aprobar a composición da Comisión de Selección** do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA X**:

Presidenta	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	A Técnica de Administración Xeral
Secretaria	Rosa M. <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionario	A2	Técnica de Xestión
Vogal	Belén Pérez Barreiro	Funcionaria	A2	Técnica Contabilidade
Suplentes	María José Loureiro Bada	Funcionaria	A1	Xefa do servizo de Educación
	Pedro M <sup>a</sup> Vázquez Iglesias	Funcionario	A2	Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas
Persoal de apoio	Ana M. <sup>a</sup> Mouriz Martínez	Laboral	A1	Coordinadora do plan de emprego
	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora Laboral/Técnica de emprego

4. Dar traslado deste acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(888).- BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA X. EXPTE. 21087/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 31/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 38, do xoves 22 de febreiro de 2024, consta publicada a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024-2025.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024, acordou aprobar o proxecto de obradoiro de emprego dual "VIGO CAPACITA X", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 20746-77) e presentar a solicitude da axuda que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 20/03/2024. E con data 24 de maio de 2024, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar modificacións do proxecto a requirimento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

III. Con data 20/08/2024, recíbese resolución de concesión de subvención da dirección territorial de Vigo da consellería da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ámbolas dúas de nivel 2). Ademais, concédese unha subvención de 28.500,00€ para incentivos á contratación temporal.

IV. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO remitiu, por correo electrónico, Instrucións de data 15/07/2024 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego (Convocatoria 2024-25), para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as devanditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

### **II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de persoas beneficiarias de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. Ademais de como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

### **III. BASES REGULADORAS**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 12º da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), a determinación do

sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

#### IV. CUSTES SALARIAIS DO EQUIPO DIRECTIVO

Segundo os datos reflectidos no orzamento do proxecto presentado xunto coa solicitude, os custos salariais derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio son os que se reflecten a continuación:

<b>A) - Soldos e salarios</b>	<b>Importe</b>
Director/a	26.869,50 €
Persoal docente	40.271,40 €
Persoal administrativo	14.889,33 €
Outros (titor/a)	21.884,94 €
Total (A)	<b>103.915,17 €</b>
<b>B) Cota patronal Seguridade Social</b>	<b>Importe</b>
Director/a	9.043,02 €
Persoal docente	13.422,42 €
Persoal administrativo	4.962,60 €
Outros (titor/a)	7.294,23 €
Total (B)	<b>34.722,27 €</b>
<b>TOTAL (A+B)</b>	<b>138.637,44 €</b>

#### V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408\_2)” e os outros 10 na especialidade de “ Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ENAE0108\_2)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo, que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflecte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizos á comunidade, cociñando para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.
6. Promover accións de concienciación entre os escolares da importancia das enerxías renovables, facendo fincapé na enerxía fotovoltaica.
  7. Elaboración de documentos mediante aplicacións ofimáticas por parte dos alumnos-traballadores do Obradoiro para a divulgación de enerxías renovables.
  8. Promover entre o alumnado a protección e seguridade no manexo da enerxía fotovoltaica.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares e aulas do centro VIGONATURE (Antigo Vigozoo), que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

## VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABALLO

OS POSTOS que se convocan son:

- |  |                   |
|--|-------------------|
| · 1 Director/a.  | Xornada: completa |
| · 1 Titor/a.   | Xornada: completa |
| · 1 Administrativo/a.  | Xornada: completa |
| · Experto/a docente en Cociña.                                   | Xornada: completa |
| · Experto/a docente en Instalación paneis solares fotovoltaicos. | Xornada: completa |

O duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA X” está establecida en 9 meses e a data de inicio é o 02 de decembro do presente ano.

O tipo de contrato para o persoas seleccionadas para o equipo directivo, docente e de apoio será o Contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, modelo 405, marcando no aplicativo Contrat@ a opción «ET/CO/TE/FD» e dentro desta a opción «persoal»”

## VII. FUNCIÓNS S DOS POSTOS DE TRABALLO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto

- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTO DOCENTE:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poder ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

### VIII. SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, solicitando a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (procedemento PR004A) dirixido á xefatura territorial correspondente ou mediante correo electrónico dirixido á oficina de emprego que se remita o listado de persoas candidatas que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento de acordo cos parámetros da sondaxe reflectidos nas bases. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia. A difusión da oferta será polo prazo de 5 días.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas, dacordo coa forma previamente acordada co Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, indicando ás persoas candidatas a necesidade da presentación da **SOLICITUDE** e a achega da documentación necesaria para a valoración de méritos, no prazo que se lle estableza, **preferiblemente a través da Sede electrónica do Concello de Vigo** ou ben presencialmente nas oficinas de asistencia ao rexistro na planta baixa da casa consistorial.

3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá nunha **entrevista persoal**, coas persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditadas. A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de **0 ata 7,50 puntos** (35% da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e da oficina de emprego.

4. Finalizada a fase da entrevista persoal, a Comisión de Selección realizará o baremo de acordo cos criterios reflectidos para cada posto nos Baremos contidos no **ANEXO I**. A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 14,00 puntos** (65% da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección reunirse para a valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final das persoas candidatas (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

A listaxe de candidaturas propostas pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún das persoas candidatas propostas non cumprise ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación das persoas admitidas e suplentes do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiro electrónico do Concello de Vigo e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 1 día natural contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, as persoas candidatas deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia ao posto **telematicamente mediante correo electrónico dirixido á conta [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)** ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma o posto, considerarase que se renuncia ao mesmo, e pasará a adxudicarse á seguinte persoa candidata con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia ao dito posto. Achégase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar á persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposta pola Comisión de selección.

Estímase necesaria a constitución das dúas comisións de selección seguintes:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- Comisión de selección de 20 alumnos-traballadores (10 na especialidade de Cociña e 10 na especialidade de Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos).
- Comisión de selección de equipo directivo do obradoiro composto por:1 experto docente nas especialidades a impartir no obradoiro, 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a a xornada completa.

Xa que logo, resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, a proposta da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todas elas a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

As Comisións de selección dos devanditos procesos estarán compostas por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dúas persoas como persoal de apoio) e percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de 4 sesións para o proceso de selección do equipo directivo e 4 sesións para o o proceso de selección do Equipo Directivo, cun gasto total estimado de 881,08 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2302000 "DIETAS PERSOAL".

<b>Comisión selección Equipo directivo</b>	<b>categoría 1<sup>a</sup></b>
Presidente/a	183,56
Secretario/a	183,56
Vogal (1) e persoal de apoio (2)	513,96
<b>TOTAL</b>	<b>881,08</b>

### X. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

Con data 20/08/2024, recíbese resolución de concesión de subvención da dirección territorial de Vigo da consellería da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas ("Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ENAE0108" e "Cociña (HOTR0408)"), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composto de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (**411.928,00€**), 144.288,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 267.640€ para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida figura no expediente incoado a tal efecto pola quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (expdte. 21089/77).

## **X. ÓRGANO COMPETENTE**

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda na Quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA X.

## **XI. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 28 de xuño de 2024 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

- Aprobar as bases de selección** do EQUIPO DIRECTIVO (experto/a docente, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA X** (cofinanciado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, conforme á resolución da dirección territorial de Vigo da consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), polo importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ámbolas dúas de nivel 2). Ademais, concédes unha subvención de 28.500,00€ para incentivos á contratación temporal.
- Encomendar á** Quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA X.
- Aprobar a composición da Comisión de Selección** do equipo directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego **VIGO CAPACITA X**:

Presidenta	Carla Candía Paz	Funcionaria	A1	A Técnica de Administración Xeral
Secretaria	Rosa M. <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionario	A2	Técnica de Xestión
Vogal	Belén Pérez Barreiro	Funcionaria	A2	Técnica Contabilidade
Suplentes	María José Loureiro Bada	Funcionaria	A1	Xefa do servizo de Educación
	Pedro M <sup>a</sup> Vázquez Iglesias	Funcionario	A2	Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas

Persoal de apoio	Ana M. <sup>a</sup> Mouriz Martínez	Laboral	A1	Coordinadora do plan de emprego
	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora Laboral/Técnica de emprego

4. Dar traslado deste acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(889).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO SOPORTE DE ESPECTÁCULOS, CONCERTOS E OUTRAS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2024–2025 E 2025-2026. Expte. 10152/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de xurídico do 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 31/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/10/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Mediante resolución de data 16/02/2024 o concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto e segundo necesidades a prestación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades para as Campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** do expediente de data 16/02/2024 asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 16/02/2024.
- **Anuncio de información previa** asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio en data 20/03/2024 e publicado no DOUE con data 22/03/2024.
- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións RC 12024000170950, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria con data 11/10/2024 e RCFUT 12024000148535, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria con data 06/09/2024.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 10/09/2024.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio con data 10/09/2024.
- **Memoria económica do contrato** asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 29/10/2024.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola técnica de xestión, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 30/10/2024.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato. asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30/10/2024.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades durante a Campaña do Nadal 2024-2025 e 2025-2026, asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación de data e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30/10/2024.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22/06/2023, posterior corrección de data 28/06/2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 16/02/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adjudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1772/1102

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por **procedemento aberto e segundo necesidades da prestación do servizo de produción técnica do soporte de espectáculos, concertos e outras actuacións necesarias para a celebración das actividades para as Campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026.**

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 10/09/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30/10/2024.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de 287.587,88 euros (o importe sen IVE é de 237.675,94 €; o IVE é de 49.911,94 euros); dos cales 93.564,60 euros corresponden á anualidade 2024 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL), 161.501,46 euros á anualidade 2025 e 32.521,82 euros á anualidade do 2026.

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(890).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me-if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O SEGUNDO TTE. DE ALCALDE (RA. 31/10/2024)  
F. Javier Pardo Espiñeira.